

Rúbrica docente de avaliación individual “A festa do xogo”

Nome: Data:

ASPECTOS	EXCELENTE (2)	SATISFACTORIO (1.5)	MELLORABLE (1)	INSUFICIENTE (0.5)
PARTICIPACIÓN	Participou activamente dentro do grupo, propoñendo ideas e melloras. Colaborou con outros grupos para resolver dificultades.	Participou activamente dentro do grupo, propoñendo ideas e melloras.	Fixo menos de 3 achegas ao grupo. Recoñece que a súa participación debería mellorar.	Non colaborou dentro do grupo. Non fixo achegas ao grupo.
CLIMA DE TRABALLO	Desenvolveu correctamente as funcións asignadas dentro do grupo. Respectou e valorou as opinións do resto de membros do seu equipo.	Desenvolveu correctamente as funcións asignadas dentro do grupo.	Só asumiu parte das funcións asignadas. O resto das persoas do grupo amosaron malestar coa súa actitude.	Non asumiu as funcións que lle correspondían dentro do grupo. Deixou que outras persoas fixeran o seu traballo.
TAREFAS INDIVIDUAIS	Realizou tódalas actividades individuais que correspondían e as rematou sen erros. Axudou ás compañeiras e compañeiros a resolver dificultades.	Realizou tódalas actividades individuais que correspondían e as rematou sen erros.	Non realizou todas as actividades individuais solicitadas. Os resultados das actividades rematadas foron correctos.	Non realizou todas as actividades individuais solicitadas. Os resultados das actividades rematadas non foron correctos na totalidade.
SESIÓNS DE COMPROMISO MOTOR	Participou activamente para acadar as tarefas con éxito. Colaborou coas compañeiras e compañeiros	Participou activamente e amosou esforzo para acadar as tarefas con éxito.	Tivo unha participación irregular nas tarefas motrices propostas, faltou implicación.	Non amosou esforzo para completar as tarefas motrices propostas, a participación nas sesións de EF foi moi baixa.
RETO DO XOGUETE	Presentou un xoguete de creación propia segundo tódolos criterios solicitados.	Presentou un xoguete pero cun acabado deficiente e non foi elaborado segundo as normas.	Presentou un xoguete pero cun acabado deficiente e que non podería ser utilizado no xogo.	Non presentou o xoguete.
A FESTA DO XOGO	Tivo unha valoración alta por parte das nenas e nenos que participaron nos xogos que dirixía.	Recibiu 1 valoración negativa por parte das persoas que participaron nos xogos que dirixía.	Recibiu un número equivalente de valoracións positivas e negativas por parte das persoas que participaron nos xogos.	Recibiu máis valoracións negativas que positivas por parte das persoas que participaron nos xogos.
SUMA				
RESULTADO				